Pazo do Arcebispo de Quito

Imaxe: Xenealoxías do Barbanza

Descripción

Exemplar de construción residencial cidadán de grande relevancia. Trátase dun edificio renacentista obra de Melchor Velasco Agüero, realizado por encargo de Alonso de la Peña e Montenegro, que foi reitor da Universidade de Santiago, e posteriormente arcebispo e capitán xeneral de Quito (Perú), onde finou no 1688. Está constituído por unha agrupación de construcións, con corpo principal de dous andares e fachada principal moi sobria de cantaría. Presenta todo a súa fronte con soportal de seis arcos de medio punto, algo rebaixados e lisos, sobre pilastras cadradas e robustas, ás que se superpoñen en relevo, outras acaroadas e esveltas, que acadan con sinxelos capiteis a cornixa, mentres que a imposta que manifesta o cambio de andar, pásalles por riba. En sendas ensanchas destas pilastras sitúanse dous escudos do arcebispado. Ten horta-xardín, con elegante reixa de ferro forxado na rúa Balsa de la Vega.

INFORMACIÓN	
TIPOLOXÍA	Arquitectura civil
CRONOLOXÍA	1666
CONCELLO	Padrón
PARROQUIA	Santiago de Padrón
REFERENCIAS	Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Padrón, aprobado o 27 de xullo de 1994

XEOLOCALIZACIÓN	
COORDENADAS	42.739483328972 , -8.6604790814412

* Información obtida da páxina web obaixoulla.gal. Xeolocalización a partir da información de mapas.xunta.gal.